

Orde do 27 de decembro de 2004 pola que se autoriza o cesamento de actividades da Cociña da Irmandade (A Coruña).

En virtude do disposto no artigo 29 da Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais e do artigo 6 do Decreto 243/1995, do 28 de xullo, polo que se regula o réxime de autorización e acreditación de centros de servizos sociais, os centros de servizos sociais propios da Comunidade Autónoma crearanse mediante decreto precisándose orde da consellería competente para o inicio das súas actividades.

De conformidade co disposto no artigo 25 do Decreto 243/1995 citado, para o cesamento de actividades dun centro, tanto temporal como definitivo, será preceptiva a obtención do correspondente permiso. O cesamento definitivo total vén referido á finalización de actividades de prestación respecto de todos os servizos.

A finalización do contrato de aluguer onde se situaba a *Cociña da Irmandade (A Coruña)*, o estudo das posibilidades de atopar un novo local que reunise as condicións legais imprescindibles para unha instalación deste uso, e o feito de que o peche, pola demanda, non suporá un prexuízo importante para os usuarios, dado que existen centros de similares características na mesma localidade onde serán atendidos, fai inviable a relocalización deste servizo así como das súas actividades.

Por todo o exposto e en uso das facultades que me son atribuídas polo Decreto 195/2003, do 20 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica desta consellería,

DISPOÑO:

Artigo único.-Autorízase o cesamento de actividades definitivo total da *Cociña da Irmandade (A Coruña)*.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2004.

Pilar Rojo Noguera

Conselleira de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado

CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS, EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS

Orde do 17 de decembro de 2004 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria pública de subvencións para a programación de accións formativas experimentais e complementarias do Plan FIP dirixidas a desempregados cofinanciadas polo Fondo Social Europeo na Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio de 2005.

Polo Decreto 69/1993, do 10 de marzo, a Comunidade Autónoma de Galicia asume as funcións e

servizos transferidos pola Administración do Estado en materia de formación profesional ocupacional.

O Decreto 212/2003, do 3 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais atribúelle a esta, a través da Dirección Xeral de Formación e Colocación, o exercicio das competencias e funcións, entre outras materias, as relativas á formación profesional ocupacional; o Decreto 287/2000, do 21 de decembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, establece que a concesión de axudas e subvencións se axustará aos principios de publicidade, concorrencia e obxectividade, en aplicación do disposto no artigo 78 da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, texto refundido aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, aos que se axusta esta disposición.

O Regulamento (CE) nº 1784/1999, do 12 de xullo, do Parlamento Europeo e do Consello, relativo ao Fondo Social Europeo, polo que se aproban as disposicións de aplicación relativas ao Fondo Social Europeo, sinala que o fondo apoiará e complementará as actividades dos estados membros destinadas ao desenvolvemento do mercado de traballo e dos recursos humanos, entre outras, nas políticas de fomento e mellora da formación profesional e da formación en xeral. Así mesmo, o Regulamento (CE) nº 68/2001, do 12 de xaneiro, da Comisión, regula a aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas á formación.

O obxecto desta orde é a regulación das accións formativas de carácter experimental e complementario respecto do Plan Nacional de Formación e Inserción Profesional (Plan FIP), cofinanciadas polo Fondo Social Europeo. Neste sentido, a regulación do Plan FIP, que conta cun catálogo preestablecido de especialidades homologadas, pode deixar sen atender especialidades formativas de especial interese, tanto desde o punto de vista do colectivo que atenden como dos sectores produtivos aos que se dirixen.

A orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, na redacción dada pola Orde do 27 de novembro de 2000, que a modifica, establece no seu artigo 3.3º que poderán tramitarse, no exercicio inmediatamente anterior ao que se vaian imputar os correspondentes gastos, os expedientes relativos ás bases reguladoras ou convocatorias de axudas e subvencións derivadas da aplicación de regulamentos comunitarios con financiamento procedente dos fondos europeos, sempre que exista regulación das axudas pola Unión Europea, ou de ámbito estatal ditada en desenvolvemento ou transposición dela, e que existan compromisos de financiamento destinados á aplicación das medidas citadas.

O financiamento das axudas previstas nesta orde de convocatoria farase con cargo aos créditos dos

programas 16.03.241B 440.0 (209.424 €), 16.03.241B 470.0 (342.424 €), 16.03.241B 460.0 (100.000 €) e 16.03.241B 480.0 (591.036 €) que figuran no proxecto de Lei de orzamentos xerais da comunidade autónoma para o ano 2005, e que constitúe o importe global máximo que se destina para estas subvencións. Destas cantidades, o 70% achégao o Fondo Social Europeo e o 30% a Administración autonómica.

Consecuentemente con todo o anterior, consultados o Consello Galego de Relacións Laborais e o Consello Galego de Formación Profesional, no exercicio das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, modificada parcialmente pola Lei 11/1988, do 20 de outubro,

DISPOÑO:

Capítulo I Disposicións xerais

Artigo 1º.-Obxecto e ámbito de aplicación.

1. Esta orde ten por obxecto o establecemento das bases reguladoras polas que se rexerá, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, tanto a convocatoria pública como a execución de accións formativas experimentais e complementarias do Plan FIP dirixidas a desempregados, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, correspondentes ao exercicio de 2005, xestionadas pola Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, a través da Dirección Xeral de Formación e Colocación.

2. A convocatoria das subvencións previstas nesta orde, agás as reguladas no artigo 2.I-a (compromisos de contratación), realizarase mediante réxime de concorrencia competitiva.

Artigo 2º.-Accións subvencionables.

As accións formativas reguladas nesta orde están incluídas no seguinte programa:

Accións formativas dirixidas a desempregados inscritos no Servizo Público de Emprego en data anterior á súa incorporación á acción formativa, que se agrupan en tres subprogramas:

I-a.-Proxectos formativos con compromiso de contratación dos alumnos que, polas súas especiais características, non se axusten aos requisitos exixidos no Plan FIP. As entidades incluídas neste punto deberán comprometerse a contratar polo menos o 60% do número de alumnos para os que se aprobou a acción formativa, por un período mínimo de seis meses a xornada completa, ou tempo equivalente se a contratación non é a xornada completa. No caso de que o proxecto formativo se dirixa exclusivamente a colectivos desfavorecidos: persoas con discapacidade, parados de longa duración, maiores de 40 anos que leven máis dun ano en paro ou desempregados que accedan ao primeiro emprego, a exixencia de contratación poderá reducirse ao 40%. A contratación en calquera dos casos deberá pro-

ducirse antes do 28 de febreiro de 2006, e o seu tempo mínimo computarase exclusivamente nos 12 meses seguintes á data do primeiro contrato.

I-b.-Cursos de posgrao e cursos organizados por escolas de especialización profesional das universidades galegas, así como daquelas entidades expresamente vinculadas á relación universidade/empresa, dirixidos á mellora da empregabilidade dos titulados universitarios, que teñan carácter ocupacional e sexan útiles para a mellora da inserción laboral dos posgraduados.

I-c.-Accións de carácter experimental que non teñan cabida no Plan FIP e que melloren a empregabilidade dos destinatarios, sempre que haxa expectativas razoables de inserción laboral dos alumnos participantes e as accións que se realicen sexan preferentemente as relativas aos novos filóns de emprego (calidade, ambiente e novas tecnoloxías da comunicación e da información).

Artigo 3º.-Beneficiarios.

1. Todas as entidades solicitantes de accións formativas reguladas nesta orde deberán achegar no momento de formular a súa solicitude, xunto co resto da documentación exixida, licenza municipal de apertura da actividade da que se trate do local ou locais onde se vaia desenvolver a acción solicitada.

2. Poderán ser beneficiarios das subvencións para o desenvolvemento do programa regulado no artigo 2º desta orde:

Subprograma I-a.: empresas, agrupacións de empresas e entidades sen ánimo de lucro.

Subprograma I-b: as universidades galegas, así como entidades expresamente vinculadas á relación universidade/empresa.

Subprograma I-c: empresas, agrupacións de empresas, entidades sen ánimo de lucro, entidades locais e corporacións de dereito público.

Artigo 4º.-Axudas.

1. Todas as accións formativas incluídas nestes subprogramas serán obxecto de subvención para compensar os custos derivados da súa execución na proporción e contía que se determine nesta orde, sempre que se trate de gastos elixibles e que se xustifiquen de acordo co establecido nesta orde e no resto de normativa de aplicación.

2. Nas accións formativas dirixidas especificamente a alumnos discapacitados incrementarase o importe da subvención nun 35% co obxecto de financiar o persoal de apoio e a adaptación curricular ou do material didáctico que sexa necesario para garantir a adquisición de competencias por parte destes alumnos.

3. O cobramento destas subvencións será incompatible coa percepción de calquera outra axuda pública da mesma natureza e para a mesma acción.

Artigo 5º.-Custos subvencionables.

a) De acordo co que se establece no Regulamento (CE) nº 68/2001, do 12 de xaneiro, da Comisión das Comunidades Europeas, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado (CE) ás axudas á formación, e sen prexuízo do establecido no Regulamento (CE) nº 1685/2000, do 28 de xullo, da Comisión, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) nº 1260/1999 do Consello no relativo ao financiamento de gastos de operacións cofinanciadas polos fondos estruturais, serán subvencionables os seguintes gastos:

-Custos dos docentes, así como os gastos de desprazamento deste persoal.

-Os gastos de desprazamento dos beneficiarios da formación. A entidade impartidora terá a obriga de compensar os gastos por este concepto a todos os alumnos que xustifiquen documentalmente que foron efectivamente realizados, tendo en conta que ningún alumno poderá cobrar por este concepto máis de 130 ao mes. Serán subvencionables así mesmo os gastos de transporte necesarios para a realización de viaxes didácticas previstas no programa formativo ou as que sexan apreciadas como necesarias e autorizadas expresamente pola Dirección Xeral de Formación e Colocación.

-Outros gastos correntes tales como materiais e subministracións. Poderanse incluír nesta epígrafe o conxunto de gastos non directamente vinculados ao obxecto último da acción formativa pero indispensables para impartila, como gastos de limpeza, auga, electricidade, teléfono, combustibles... Poderán incluírse, así mesmo, os gastos de alugueres, tanto de instalacións como de maquinaria.

-A amortización dos instrumentos e equipos en proporción á súa utilización exclusiva para o proxecto de formación de que se trate.

-Os custos dos servizos de asesoría en relación coa acción de formación. Poden imputarse neste punto os gastos de asesoría legal como informes xurídicos ou consultas xurídicas; gastos de notaría e rexistros; gastos de asesoramento técnico tales como informes técnicos, peritaxes e taxacións, gastos de asesoramento financeiro como consultaría financeira.

b) Os custos subvencionables deberán ir acompañados de probas documentais, que deberán ser transparentes e detalladas.

Artigo 6º.-Contía das axudas e subvencións.

1. Valoración económica das accións formativas:

a) Como norma xeral, aplicaranse por afinidade os módulos económicos do Plan FIP.

b) Excepcionalmente, cando xustificadamente se argumente que a cantidade resultante por este sistema non é suficiente para impartir unha determinada especialidade coas debidas condicións de cali-

dade docente, aplicaranse os seguintes módulos económicos máximos:

Modalidade de impartición	Nivel de formación
Presencial	8 euros
A distancia	5 euros
Teleformación	6,75 euros
Mixta	Aplicaranse os módulos anteriores en función das horas de formación presencial e a distancia ou teleformación que teña a acción formativa.

c) A valoración das solicitudes e a determinación da contía da subvención será fixada pola comisión de valoración.

2. O importe das subvencións concretarase no produto das horas da acción formativa polo número de alumnos e polo importe do módulo que se aplique en cada caso.

3. Os beneficiarios de todos os programas regulados nesta orde poderán subcontratar, por unha soa vez, a realización das accións formativas financiadas con cargo a esta convocatoria, tendo en conta que a subcontratación non pode supoñer un aumento do custo de execución da acción formativa. Ademais, os subcontratistas deberán facilitar aos organismos de auditoría e control toda a información necesaria relativa ás accións subcontratadas. No caso de accións formativas subcontratadas, a solicitude de calquera modificación respecto da execución das accións concedidas deberá ser efectuada pola entidade adxudicataria.

Artigo 7º.-Obrigas das entidades colaboradoras.

As entidades beneficiarias das axudas deberán:

1. Requirir de cada alumno, no momento da súa incorporación, a seguinte documentación, que deberá archivarase separadamente por cada acción formativa:

-Copia compulsada do DNI.

-Ficha individual.

2. Remitir á Dirección Xeral de Formación e Colocación e á delegación provincial correspondente:

a) Como mínimo cinco días antes do inicio da acción formativa:

-As datas de inicio e remate e o horario de impartición.

-A planificación temporal dos módulos da acción formativa.

-O enderezo completo do lugar de impartición.

-A relación nominal dos docentes especificando os seus DNI.

b) O día de inicio de cada acción formativa:

-Certificación xustificativa do seu comezo e, de ser o caso, das modificacións producidas respecto dos datos sinalados no punto anterior.

3. Enviar á Dirección Xeral de Formación e Colocación:

a) Dentro dos 10 días seguintes ao inicio da acción formativa, a seguinte documentación:

-Relación nominal dos alumnos, especificando número do DNI.

-Copia dos seus DNI.

-Fichas SIFO de inicio en soporte informático.

-Copia da póliza de seguros contratado co xustificante do seu aboamento, de ser o caso.

A entidade impartidora arquivará unha copia desta documentación separadamente por cada acción formativa.

b) Mensualmente:

-Fichas de incidencias, en soporte informático.

-Fotocopia do parte de asistencia.

4. Expoñer no taboleiro de anuncios do centro o programa completo da acción formativa temporizado por módulos, os dereitos e deberes dos alumnos e dos centros colaboradores, así como a relación dos docentes e o horario da acción formativa. No anuncio farase referencia expresa aos organismos cofinanciadores da acción formativa.

5. Aboar mensualmente aos alumnos as axudas ás que teñan dereito, así como aos profesores a súa remuneración. Non exime desta obriga o feito de que a entidade impartidora non percibise os anticipos previstos nesta orde.

6. Someterse ás actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, poidan acordar os servizos competentes da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, tanto no relativo ao desenvolvemento das accións formativas como á súa xestión e tramitación administrativa.

7. Contratar un seguro de accidentes para os alumnos, que cubra tanto os riscos que poidan ter durante o desenvolvemento da acción formativa, como os do traxecto ao lugar de impartición das clases e das prácticas. A súa duración abranguerá estritamente o período da acción formativa, incluíndo expresamente as prácticas en empresas cando estas se realicen, sen que poida admitirse restrición nin exclusión ningunha por razón do medio de transporte utilizado. Esta obriga rexerá exclusivamente para as accións formativas de carácter presencial, así como para a parte presencial das mixtas.

A cobertura mínima deste seguro será a seguinte:

-En caso de morte: 30.000 €.

-En caso de invalidez permanente: 42.000 €.

-Asistencia médico farmacéutica: durante un ano a partir do sinistro.

8. Cando se realicen prácticas en empresas ou outras actividades relacionadas coa acción formativa, contratar unha póliza de responsabilidade civil para facer fronte aos riscos que poidan derivarse da súa realización para os bens e as persoas.

9. Velar por que todos os alumnos dunha acción formativa reciban a mesma formación, así como o mesmo número de horas tanto teóricas como prácticas, independentemente de que a parte práctica teña lugar no propio centro ou en centros de traballo.

10. Comunicarlles ás delegacións provinciais da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais calquera circunstancia ou eventualidade que poida afectar substancialmente a execución das accións formativas programadas, no prazo de cinco días desde que se produza.

11. Solicitar á Dirección Xeral de Formación e Colocación, con cinco días de antelación, autorización para realizar calquera modificación no desenvolvemento das accións formativas.

12. Aceptar as modificacións que, de ser o caso, introduza o órgano encargado da resolución dos expedientes en relación cos termos de impartición sinalados na solicitude.

13. Facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Dirección Xeral de Formación e Colocación, pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas, polo Consello de Contas ou polo órgano competente da Unión Europea, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

14. Incluír en toda a documentación relativa á acción formativa o logotipo da Unión Europea (Fondo Social Europeo) e da Xunta de Galicia (Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais).

15. Informar os alumnos do cofinanciamento das accións formativas por parte da Xunta de Galicia e do Fondo Social Europeo, así como dos obxectivos destes fondos.

Artigo 8º.-Incumprimento de obrigas e reintegro.

1. Cando se produza incumprimento de calquera das obrigas previstas nesta orde ou se dea calquera dos supostos previstos no artigo 78 da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, texto refundido aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, procederá o reintegro total ou parcial da

axuda concedida, nos termos e coas condicións sinalados na citada lei.

2. Nos proxectos formativos con compromiso de contratación regulados no artigo 2º desta orde (subprograma I-a), a Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, transcorridos 12 meses desde a contratación dos alumnos, comprobará se o nivel de inserción laboral se corresponde co acreditado na liquidación da subvención, exixindo, en caso contrario, a devolución proporcional da subvención indebidamente percibida.

Artigo 9º.-Pagamento e liquidación das subvencións.

A.-Documentación para presentar.

-As entidades impartidoras deberán enviar á Dirección Xeral de Formación e Colocación, dentro dos 15 días seguintes ao remate da acción formativa, a xustificación dos custos inherentes a el, a través da seguinte documentación, que deberá presentarse por cada acción formativa selada e asinada:

-Ficha SIFO de finalización.

-Solicitud de liquidación final.

-Relación de facturas.

-Orixinal ou fotocopia compulsada de todas as facturas, nóminas e xustificantes de pagamento de todos os gastos imputables á acción formativa.

-Certificación dos gastos.

-Declaración complementaria do conxunto de todas as axudas solicitadas (aprobadas, concedidas ou pendentes de resolución), para a mesma acción formativa, das distintas administracións públicas competentes ou de calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

-Memoria final de actividades na que se faga constar, segundo os casos, unha descrición detallada da execución da acción formativa, dos colectivos atendidos, grao de inserción laboral, así como unha valoración do carácter experimental da acción formativa.

-As entidades con ánimo de lucro deberán acreditar, con independencia da súa contía e antes de proceder ao cobramento das subvencións, que están ao día nas súas obrigas tributarias e sociais e que non teñen pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, agás que o beneficiario xunte á solicitude a debida autorización, segundo o anexo III, para que a citada información sexa solicitada polo órgano xestor das axudas. Todo isto sen prexuízo das excepcións recollidas na lei anual de orzamentos.

-Os custos das accións formativas amparadas por esta orde só poderán imputarse a partir da data de

concesión da subvención, agás os incluídos no subprograma I-a (compromisos de contratación) que poderán ter carácter retroactivo, sempre que se trate de gastos elixibles segundo a normativa do Fondo Social Europeo, que se produzan no ano 2005 e cando a entidade impartidora comunicase expresamente o inicio das accións ao órgano competente da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais.

B.-Sistemas de pagamento.

1. O aboamento da subvención farase efectivo da seguinte forma:

a) Ata o 50 por 100 do total do orzamento de gastos de cada acción formativa, en concepto de anticipo, no momento no que a Dirección Xeral de Formación e Colocación reciba comunicación da entidade impartidora na que se notifique o inicio de cada acción formativa, así como a documentación sinalada no artigo 9º desta orde, de ser o caso. Cando se trate de corporacións locais a porcentaxe máxima dos anticipos será do 35% da subvención concedida.

b) O importe restante, unha vez rematadas todas as accións formativas e xustificadas os gastos realmente efectuados en cada unha.

c) Poderán acordarse pagamentos parciais á conta da liquidación definitiva a medida que o beneficiario xustifique os libramentos anteriores, que nunca serán superiores ao 80% da subvención concedida.

d) Poderanse aboar anticipos de ata o 50% da subvención concedida, unha vez que a entidade acredite o inicio da primeira das accións formativas, sempre que se constituía garantía a favor da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais (Xunta de Galicia), nos termos e condicións sinalados no artigo 17 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia. Cando se trate de corporacións locais a porcentaxe máxima dos anticipos será do 35% da subvención concedida.

2. No caso de que non inicien a acción formativa o total dos alumnos para os que se aprobou, ratearase o importe a aboar ata o número máis alto de alumnos acadado no seu primeiro cuarto.

3. Revisada a xustificación efectuada polas entidades beneficiarias e sempre que esta se axuste ao disposto nesta orde ou na súa normativa de desenvolvemento, o Servizo de Xestión Administrativa de Formación Ocupacional da Dirección Xeral de Formación e Colocación, emitirá certificación para poder facer efectiva a correspondente liquidación da axuda concedida.

No caso de que a xustificación fose incorrecta, requirirase a entidade para que corrixa os erros ou

defectos observados no prazo de 10 días, advertíndolle de que, de non facelo, se procederá, se é o caso, a reclamar o reintegro, total ou parcial, da axuda concedida.

Artigo 10º.-Seguimento e control das accións formativas.

1. Para verificar o cumprimento do disposto nesta orde, a Dirección Xeral de Formación e Colocación e as delegacións provinciais aplicarán un sistema de seguimento e control, que consistirá na realización de visitas ás accións formativas aprobadas e enquisas a alumnos e docentes, e emitírase un informe respecto do progreso da acción e do seu grao de execución en cada momento.

2. Cando nunha acción formativa se detecte a existencia de irregularidades ou deficiencias que non puideran ser emendadas no prazo concedido para o efecto, e que incidan negativamente na súa calidade docente, procederase á súa cancelación por resolución motivada do órgano competente para a súa concesión.

Capítulo II

Das accións formativas

Artigo 11º.-Remate e xustificación das accións formativas.

A data límite para o remate e xustificación das accións formativas será, como norma xeral, o 30 de novembro de 2005. Excepcionalmente, por causas xustificadas, logo de solicitude do interesado, e sempre precedendo autorización do director xeral de Formación e Colocación, as accións formativas reguladas nesta orde poderán rematar con posterioridade a esa data, sempre dentro do ano 2005.

Artigo 12º.-Selección de alumnos.

1. A selección realizarase mediante sondaxe pola oficina de emprego correspondente entre os demandantes inscrito nela.

2. No caso de que por este sistema non se consigan os alumnos suficientes para a acción formativa, a entidade adjudicataria poderá realizar unha convocatoria pública, que deberá publicarse, como mínimo, nun dos xornais de maior tiraxe da comunidade autónoma. No anuncio en prensa os logotipos deberán figurar coa seguinte distribución: na parte superior esquerda o da Xunta de Galicia, na parte superior dereita o do centro impartidor, e na parte inferior dereita o da Unión Europea (Fondo Social Europeo).

3. Excepcionalmente, por razón da peculiaridade do colectivo ao que se dirixe a acción formativa, a entidade poderá seleccionar directamente os alumnos.

4. En calquera caso, do resultado da selección daráselle conta á oficina de emprego que corresponda.

5. Nas accións formativas nas que, a pesar de que se intentase completar o número de alumnos, diminúa o número de participantes ata unha cantidade inferior ao 50 por 100 do número programado, agás que as baixas se produzan por colocación dos alumnos, poderán ser canceladas pola Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais. En caso de cancelación, a entidade terá dereito a unha indemnización, que será proposta pola comisión de valoración prevista no artigo 17º e aprobada pola conselleira de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, calculada de acordo co principio de proporcionalidade.

6. Os alumnos que resulten seleccionados para unha acción formativa non poderán asistir simultaneamente a outra incluída dentro da programación de formación ocupacional da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, e, salvo autorización expresa do director xeral de Formación e Colocación, por causas excepcionais debidamente xustificadas, non poderán causar baixa nunha para acceder a outra dentro desa programación.

7. No caso de que se produzan baixas durante o desenvolvemento da acción formativa, as entidades impartidoras poderán incorporar alumnos dentro do seu primeiro cuarto.

Artigo 13º.-Dereitos e deberes dos alumnos.

1. A formación será gratuíta para todos os alumnos das accións formativas derivadas desta orde, agás nos mestrados e cursos de posgrao, nos que as entidades impartidoras poderán recibir outras achegas.

2. Terán a obriga de asistir e seguir con aproveitamento as accións formativas, e de facilitar a documentación que lles sexa solicitada pola entidade impartidora. No caso de que as faltas de asistencia sen xustificar dalgún alumno superen o 25% das horas lectivas, deberá ser dado de baixa na acción formativa.

3. Os alumnos que rematen as accións formativas con aproveitamento, e asistisen como mínimo ao 75% das súas horas lectivas, recibirán un diploma, no modelo que se estableza pola Dirección Xeral de Formación e Colocación, no que deberán constar os seguintes datos:

a) Nome, apelidos e DNI do alumno.

b) Denominación da acción formativa.

c) Lugar e datas de realización.

d) Número de horas e módulos formativos realizados.

e) Entidade impartidora.

Así mesmo, terán dereito ao diploma os alumnos que causen baixa por colocación, cando o docente coide que teñen os coñecementos equivalentes ao nivel da acción formativa e asistisen, como mínimo, ao 75 por 100 das horas lectivas.

4. Os alumnos que non teñan dereito a diploma poderán recibir, se o solicitan, unha certificación polas horas e módulos aos que asistisen.

Artigo 14º.-Modalidades de impartición das accións formativas.

1. As accións formativas poderán desenvolverse nas modalidades presencial, a distancia, teleformación ou mixta. En todo caso, no anexo II da solicitude deberá especificarse expresamente a modalidade pola que optan, e, se é mixta, indicarán as horas de cada unha delas.

2. Na modalidade a distancia e na parte a distancia da modalidade mixta o sistema de impartición deberá incluír evidencias necesarias para comprobar que os alumnos reciben a formación impartida.

Capítulo III Da convocatoria pública

Artigo 15º.-Solicitudes.

1. As entidades que desexen colaborar na impartición das accións formativas previstas nesta orde deberán formalizar a correspondente solicitude no modelo normalizado que se publica como anexo I a esta orde, e que se subministrará nas delegacións provinciais da consellería, na Dirección Xeral de Formación e Colocación ou en calquera das oficinas administrativas de Información ao Cidadán, subscrita polo titular ou representante legal da entidade debidamente acreditado e deberá ir acompañada da seguinte documentación:

a) Documentación acreditativa da representatividade suficiente para asinar a solicitude.

b) Licenza municipal de apertura da actividade de que se trate dos locais onde se vai impartir a acción formativa.

c) Unha ficha por cada unha das accións formativas no modelo normalizado segundo o anexo II.

d) De ser o caso, compromiso de contratación asumido pola/s empresa/s que vaian contratatar os alumnos.

e) Unha memoria-proxecto, na que se fará referencia, polo menos, aos seguintes extremos:

-Descrición da acción formativa, na que se especificarán, entre outros aspectos, os obxectivos de inserción laboral, o programa formativo curricular

así como a xustificación do carácter experimental do programa.

-Memoria explicativa da valoración económica da acción formativa, por custos elixibles, segundo a normativa europea, de acordo co establecido no artigo 5º desta orde.

-Xustificación documental da experiencia da entidade solicitante na impartición de accións formativas de semellante natureza, de ser o caso.

f) Declaración de non ter concedida ningunha outra axuda pública para a mesma acción formativa.

2. As solicitudes dirixiranse á conselleira de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais e poderán presentarse por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

As entidades que soliciten accións formativas incluídas en subprogramas diferentes deberán formalizar unha solicitude independente para cada un deles.

Artigo 16º.-Prazo.

1. O prazo de presentación de solicitudes será de corenta días naturais contados desde o seguinte á publicación desta orde, agás no subprograma I-a (proxectos formativos con compromiso de contratación) nos que o prazo rematará o 15 de novembro de 2005.

2. No suposto de que a solicitude non cumpra os requisitos sinalados na convocatoria ou de que a documentación achegada conteña erros ou sexa insuficiente requirirase o solicitante para que, nun prazo de 10 días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se non o fai así, se considerará desistido da súa solicitude, logo de resolución que así o declare.

Artigo 17º.-Instrución do procedemento.

1. O procedemento que se seguirá na tramitación e instrución dos expedientes será o establecido no Decreto 287/2000, do 21 de decembro, coas concrecións que se establecen nas seguintes epígrafes.

2. A comisión de valoración analizará toda a documentación achegada polas entidades solicitantes, emitirá informe sobre os expedientes, elaborará o seu informe e elevará a proposta de resolución ao órgano competente para resolver.

3. Para os efectos previstos neste artigo, a comisión de valoración estará composta pola subdirectora xeral de Formación Ocupacional, que a presidirá, e serán vogais os xefes dos servizos de Xestión Administrativa e de Planificación de Formación Ocupacional, actuando este último como secretario, e dous técnicos da Dirección Xeral de Formación e Colocación.

4. A comisión de valoración, para avaliar as solicitudes, establecer a orde de prelación e formular a proposta de resolución, terá en conta os seguintes criterios:

a) O grao de inserción laboral que figure na solicitude do proxecto formativo, a partir do 60% ou do 40% no programa I-a nos supostos establecidos no artigo 2 desta orde, así como a calidade da inserción, en función do carácter indefinido ou non dos contratos que se realicen.

b) A viabilidade de inserción laboral que se deduza do proxecto.

c) Accións formativas relativas a novos filóns de emprego.

d) O carácter experimental que teñan as accións formativas respecto do Plan Nacional de Formación e Inserción Profesional.

e) A experiencia da entidade solicitante no desenvolvemento de accións formativas de semellante natureza.

Artigo 18º.-Resolución.

1. A resolución dos expedientes de axudas, unha vez informada pola comisión de valoración, e fiscalizada a proposta pola Intervención Delegada, corresponderalle á conselleira de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, e deberá ser notificada aos interesados.

2. A resolución dos expedientes deberá producirse no prazo de nove meses contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde, agás no caso dos proxectos formativos con compromiso de contratación nos que a resolución deberá producirse no prazo de nove meses desde que a solicitude do interesado teña entrada no rexistro correspondente. En todos os casos, transcorrido o citado prazo sen que recaese resolución expresa, os interesados poderán entender desestimada a súa solicitude.

3. Contra as resolucións ditadas ao amparo desta orde, que esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados a partir do seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora desta xurisdición.

Non obstante, poderase optar por interpor contra estas resolucións recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación ante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo antes citado mentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, modificadora da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Disposicións adicionais

Primeira.-A realización das accións de formación previstas nesta orde e a conseguinte concesión de subvencións estará supeditada á existencia de crédito suficiente nos programas 16.03.241B 440.0, 16.03.241B 470.0, 16.03.241B 460.0 e 16.03.241B 480.0 dos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o ano 2005. A forma de pagamento prevista no artigo 9 desta orde estará condicionada á autorización do Consello da Xunta.

Segunda.-Se, por calquera causa, cando a comisión de valoración teña que examinar as solicitudes, algún dos seus compoñentes non puidese asistir, será substituído pola persoa que para o efecto designe o director xeral de Formación e Colocación.

Terceira.-Poderán modificarse as resolucións nos termos e cos requisitos sinalados no artigo 12º do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Cuarta.-En todo o non previsto nesta orde, será de aplicación o establecido na Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, texto refundido aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, e no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, quedando os beneficiarios das axudas reguladas nesta orde suxeitos ao réxime disciplinario previsto nas citadas disposicións.

Quinta.-Poderán efectuarse resolucións complementarias cando existan fondos provenientes de renuncias de subvencións inicialmente concedidas, de incrementos das cantidades asignadas á comunidade autónoma ou doutros remanentes dos módulos. Neste caso, agás que se acuda a unha convocatoria complementaria, non poderán terse en conta outras solicitudes distintas das tidas en conta para a resolución inicial.

Sexta.-Apróbase a delegación de atribucións da conselleira de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais no director xeral de Formación e Colocación para a autorización, disposición, recoñecemento de obrigas e propostas de pagamento das subvencións reguladas nesta orde.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase o director xeral de Formación e Colocación para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións e instrucións necesarias para o desenvolvemento e execución desta disposición.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 17 de decembro de 2004.

Belén Prado Sanjurjo
Conselleira de Asuntos Sociais, Emprego
e Relacións Laborais

ANEXO I

**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS,
EMPREGO E RELACIÓNS LABORAISUNIÓN
EUROPEA
Fondo Social
Europeo

EXPEDIENTE

PROCEDEMENTO SOLICITUDE DE ACCIÓNS FORMATIVAS (FONDO SOCIAL EUROPEO)	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO AS301J	DOCUMENTO SOLICITUDE (S-1)
--	---	--------------------------------------

DATOS DE IDENTIFICACIÓN DA ENTIDADE SOLICITANTE

NOME OU RAZÓN SOCIAL		NIF OU CIF		
REPRESENTANTE LEGAL		DNI		
ENDEREZO POSTAL				
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO I	FAX	E-MAIL

TIPO DE ENTIDADE

<input type="checkbox"/> EMPRESA	<input type="checkbox"/> ASOCIACIÓN DE EMPRESAS	<input type="checkbox"/> ENTIDADE SEN ÁNIMO DE LUCRO	<input type="checkbox"/> UNIVERSIDADE
<input type="checkbox"/> ENTIDADE VINCULADA Á RELACIÓN UNIVERSIDADE/EMPRESA	<input type="checkbox"/> ENTIDADE LOCAL	<input type="checkbox"/> CORPORACIÓN DE DEREITO PÚBLICO	

D./Dna. _____ con documento nacional de identidade número _____, como representante legal da entidade citada

EXPÓN: que de acordo coa orde da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais que regula estas subvencións desexa realizar as accións formativas que se relacionan a continuación:

DENOMINACIÓN DA ACCIÓN FORMATIVA

SUBPROGRAMA (1)

_____	_____
_____	_____
_____	_____
_____	_____

(1) I-a, I-b o I-c. Non se poderán incluír na mesma solicitude accións formativas correspondentes a distintos subprogramas.

DECLARA:

QUE Á PRESENTE SOLICITUDE SE LLE XUNTA A SEGUINTE DOCUMENTACIÓN:

- DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DE REPRESENTATIVIDADE SUFICIENTE PARA ASINAR A SOLICITUDE.
- LICENZA MUNICIPAL DE APERTURA DO LOCAL OU LOCAIS ONDE SE VAI IMPARTIR A ACCIÓN SOLICITADA.
- FICHA DE ACCIÓN FORMATIVA POR CADA UNHA DAS ESPECIALIDADES SOLICITADAS.
- SE É O CASO, COMPROMISO DE CONTRATACIÓN.
- MEMORIA-PROXECTO DA ACCIÓN FORMATIVA.
- DECLARACIÓN DE CONXUNTO DE TODAS AS SOLICITUDES EFECTUADAS OU CONCEDIDAS PARA A MESMA ACCIÓN FORMATIVA, DAS DISTINTAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS COMPETENTES.

QUE ACEPTA AS ACTUACIÓNS DE COMPROBACIÓN DA CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS, EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS.

QUE ACEPTA A INTRODUCCIÓN NO PROXECTO DAS MODIFICACIÓNS QUE SEXAN NECESARIAS PARA ADAPTALO AOS OBXECTIVOS FIXADOS POLA CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS, EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS E SE COMPROMETE A DESENVOLVER AS ACCIÓNS FORMATIVAS NOS MESMOS TERMOS EN QUE FOSEN APROBADOS.

_____, _____ de _____ de 200__

(sinatura e selo)

ANEXO II



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS,
 EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS

UNIÓN
 EUROPEA
 Fondo Social
 Europeo



EXPEDIENTE

PROCEDEMENTO SOLICITUDE DE ACCIÓNS FORMATIVAS PARA DESEMPREGADOS (FONDO SOCIAL EUROPEO)	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO AS301J	DOCUMENTO SOLICITUDE (S-2)
---	---	--------------------------------------

DATOS IDENTIFICATIVOS DA ACCIÓN FORMATIVA

DENOMINACIÓN		Nº ALUMNOS	Nº TOTAL DE HORAS
LOCALIDADE/S DE IMPARTICIÓN			
ENDEREZO/S (DEBE COINCIDIR COA LICENZAS DE APERTURA ACHEGADA/S XUNTO COA SOLICITUDE)			
MODALIDADE DE IMPARTICIÓN	A ACCIÓN FORMATIVA VAI DIRIXIDA EXCLUSIVAMENTE A MINUSVÁLIDOS		
<input type="checkbox"/> PRESENCIAL <input type="checkbox"/> MIXTA <input type="checkbox"/> A DISTANCIA	HORAS PRESENCIAIS _____ HORAS A DISTANCIA _____	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON	

ORZAMENTO TOTAL QUE SE SOLICITA PARA A ACCIÓN FORMATIVA _____ €

* Esta valoración económica global da acción formativa deberá explicarse detalladamente na memoria que se exige no artigo 15 e) desta orde, e só poderán incluírse os gastos subvencionables descritos no artigo 5º da orde de convocatoria.

PERSOA DE CONTACTO RESPONSABLE DA ACCIÓN FORMATIVA

APELIDOS E NOME		
CARGO	TELÉFONO	FAX

ANEXO III



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS,
 EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS

UNIÓN
 EUROPEA
 Fondo Social
 Europeo



PROCEDEMENTO SOLICITUDE DE ACCIÓNS FORMATIVAS (FONDO SOCIAL EUROPEO)	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO AS301J	DOCUMENTO AUTORIZACIÓN
--	---	----------------------------------

AUTORIZO:

A Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais para que, conforme o disposto no artigo 2.4 da orde do Ministerio de Economía e Facenda do 18 de novembro de 1999, solicite da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Consellería de Economía e Facenda a información a que se refire o artigo 78.4º c) da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, en relación co cumprimento das miñas obrigas tributarias estatais e coa Comunidade Autónoma de Galicia.

_____, de _____ de 200__

(Sinatura do representante legal da entidade)

Asdo.: _____

Resolución do 10 de novembro de 2004, da Delegación Provincial da Coruña, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, da revisión salarial do convenio colectivo da empresa Caolines de Vimianzo, S.A. (Cavisa).

Visto o expediente da revisión salarial do convenio colectivo da empresa *Caolines de Vimianzo, S.A.* (Cavisa), que tivo entrada nesta delegación provincial o día 29-9-2004, complementado o día 23-10-2004 e subscrito pola parte económica por Cavisa e pola parte social polos delegados de persoal o día 16-9-2004, de conformidade co disposto no artigo 90.2º e 3º do Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo e Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo, esta delegación provincial

ACORDA:

Primeiro.-Ordenar a súa inscrición no libro rexistro de convenios colectivos de traballo desta delegación provincial, e notificación ás representacións económica e social da comisión negociadora.

Segundo.-Ordenar o depósito do citado acordo no Servizo de Relacións Laborais, Sección de Mediación, Arbitraje e Conciliación.

Terceiro.-Dispoñer a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

A Coruña, 10 de novembro de 2004.

Cristina Azpilcueta González
Delegada provincial da Coruña

Acta de reunión

Revisión de táboas salariais dos anos 2002 a 2004
Comisión negociadora convenio colectivo

Representación da empresa:

Jesús M. Pais Tuñas.
Miguel Ángel Ríos Vázquez.

Representación social:

Manuel Lema Costa (delegado de persoal CIG).
Francisco Mariscal Álvaro (delegado de persoal CIG).

Asesores sindicais:

Xabier Filgueira Domínguez (CIG).

En Vimianzo, sendo as 17.00 horas do día 16 de setembro de 2004, reúnenos nos locais da empresa *Caolines de Vimianzo, S.A.U.*, os representantes da empresa e os representantes dos traballadores.

Estando a representación social integrada polos delegados de persoal xunto cos asesores sindicais e a representación da empresa polo director xeral e o xefe de persoal.

Ambas as representacións chegan aos seguintes acordos:

1. Asinar as táboas salariais revisadas correspondentes aos anos 2002, 2003 e 2004 do convenio colectivo de *Caolines de Vimianzo, S.A.* con vixencia desde o ano 2002 ao ano 2004, e solicitar da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

E non tendo máis asuntos que tratar deuse por rematada a reunión sendo as 17.30 horas na data e lugar indicados no encabezamento deste escrito.